






## SEM EN 2º DE PRIMARIA

A metodoloxía SEM foi introducida dende o inicio do curso en cada un dos proxectos propostos para as materias de Ciencias nas aulas de segundo; tanto no primeiro coma no segundo trimestre se coidou a inclusión de actividades tipo I, tipo II e tipo III nos proxectos e tamén aspectos relacionados co fomento da creatividade.



O proxecto titulado A POLO CORONAVIRUS!!! Foi desenvolto no primeiro trimestre, do coronavirus viaxamos dende China ata España, aprendimos sobre morcegos e sobre as profesións encargadas de coidar a nosa saúde, e nos convertimos en investigadores en busca da vacina contra o coronavirus que os nenos de 2º administraron en forma de pílulas a todos os membros da comunidade educativa.



O proxecto titulado VALDOVIÑO foi desenvolto no segundo trimestre, con el coñecemos as parroquias de Valdoviño, as institucións municipais e as lendas da zona.



No terceiro trimestre o proxecto adicado á auga e os animais acuáticos, que os nenos/as bautizaron como PROXECTO ACUÁTICO, foi elaborado paso a paso seguindo as indicacións da mentora Laura Diz, o cal nos permitiu introducir metodoloxía SEM tamén á hora de avaliar.



Fotos dalgunha das reunión virtuais mantidas durante a mentorización:

